

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e 2, de 3 puntos; a 3 e 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda e a terceira, con posibilidade de elección entre varias respostas correctas; a cuarta, con posibilidade de elección entre termos.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL / XÉNEROS MUSICAIS. (3 puntos)

O grupo editor da **revista do instituto** acordou incluír nela un apartado de «Divulgación musical», comentando unha obra do repertorio da música académica, mediante a descrición formal desta, a relación co seu contexto social e as diferenzas con outras obras comparables, de distintos estilos históricos. Sabedores da súa formación musical, encárganlle a vostede o **artigo**, cunha extensión máxima de 400 palabras (dúas páxinas), a partir da seguinte audición e partitura, de dominio público, descargada de Internet:

83. ¡Triste España sin ventura...! *J. del Encina*

f. 55^v-56

1^ª Contra ¡Triste España sin ventura

Tenor ¡Triste España sin ventura

2^ª Contra ¡Triste España sin ventura

To-dos te de-ven-llo-rar; Despo-bla-da d'a-le-

gri-a, Pa-ra nun-ca en-ti-tor-nar!

PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL. (3 puntos)

Ao fío da iniciativa anterior, a profesora de música, aproveitando o traballo feito por vostede e o seu coñecemento da obra, pídelle que, a partir da partitura da que dispón, exemplifique para toda a clase elementos técnicos constitutivos desta. Debe **marcar na partitura**, redondeando con un círculo, os elementos de que se trate (notas, grupos de notas, frases, etc.) e **identificar eses elementos**, coas iniciais que se indican entre parénteses a continuación:

1. Dous exemplos de notas de paso (NP).
2. Dous exemplos de intervalos melódicos de terceira menor (Tm).
3. As frases musicais da peza ao inicio de cada frase, na voz superior (F1, F2...).
4. Un exemplo de acorde perfecto maior en estado fundamental (PM).
5. Un melisma na voz superior (Me).
6. Un exemplo de movemento por terceiras paralelas entre dúas voces (T).

PREGUNTA 3. XÉNEROS MUSICAIS. (2 puntos)

A profesora propón un exercicio no que un alumno fai unha **presentación á clase** para describir un xénero musical. Este que segue é o texto da presentación. Subliñe nel **dúas informacións ou datos erróneos** e aclare cal sería a información correcta.

Un dos xéneros máis relevantes da música académica é o da ópera, consistente nunha obra de teatro posta en música. Tivo un grande desenvolvemento, iniciándose durante a Idade Media e chegando ata os nosos días, se ben actualmente non ten o impacto social que tivo nos séculos XVII ata o XIX. Como obras de teatro que eran, as óperas desenvolvían dramas que podían ser de carácter histórico, ambientadas por exemplo na antiga Grecia ou Roma, con elementos máis ou menos míticos ou fantásticos, pero tamén ambientadas moitas veces no mundo contemporáneo do seu público. A estrutura da ópera podía variar, dependendo do seu tamaño e da historia que relatase, pero case sempre se dividía en varias Escenas que corresponden a diferentes momentos sucesivos da narración; cada Escena podía incluír á súa vez varios Actos. Para montar unha ópera precisábanse medios materiais importantes, pois aos recursos propios do teatro como decorados, tremoias, vestiarios, etc. había que engadir a música, normalmente unha orquestra completa con piano. Como en moitos outros ámbitos da creación musical ao longo da historia, o papel das mulleres como compositoras de ópera foi moi marxinal, se ben elas participaban habitualmente como cantantes en escena. A ópera difundíuse desde Italia, onde nacera, a toda Europa, facéndose en italiano, pero tamén progresivamente noutras linguas como francés, inglés, alemán, etc. sen embargo, nunca deixou de ser un xénero elitista, reservado a moi poucas persoas, polo que se mantivo fora dos grandes teatros europeos, montándose en pequenas salas privadas reservadas á aristocracia.

PREGUNTA 4. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL. (2 puntos)

Respecto do xénero descrito no texto anterior, escolla dous de entre estes catro termos: 1. **soprano**, 2. **aria**, 3. **recitativo**, 4. **tenor**. Describa en 2-4 liñas o significado de cada un deles e explique a relación que hai entre os dous escollidos.